



## IES MARÍA CASARES. Departamento de Xeografía e Historia

MATERIA	Xeografía de España
PROFESOR	Gabriel Álvarez Silvar

2º  
Bacharelato  
2023-2024

### CONTIDOS

#### 1ª Avaliación

Bloque 1: A xeografía e o espazo xeográfico (ao longo do curso)  
Bloque 2: O relevo español  
Bloque 3. A diversidade climática e a vexetación  
Bloque 4: A hidrografía e as paisaxe naturais

#### 2ª Avaliación

Bloque 5: A poboación española  
Bloque 6: O espazo urbano  
Bloque 7: O espazo rural e o sector primario  
Bloque 8: As fontes de enerxía e o espazo industrial

#### 3ª Avaliación

Bloque 9: O sector servizos  
Bloque 10: Formas de organización territorial  
Bloque 11: España e Galicia: estrutura territorial  
Bloque 12: España e Galicia en Europa e no mundo

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais (polo menos, unha por avaliación)	90%
Lecturas, participación en clase, traballos voluntarios	10%
TOTAL AVALIACIÓN	100%
<b>NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA MAIO</b>	
Media aritmética: $0'3(\text{NOTA } 1^{\text{a}} \text{ AV}) + 0'4(\text{NOTA } 2^{\text{a}} \text{ AV}) + 0'3(\text{NOTA } 3^{\text{a}} \text{ AV}) = \text{NOTA MEDIA MAIO}$	
<b>AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA (BACHARELATO)</b>	
100% a nota do exame da convocatoria extraordinaria	

**Probas/exames escritas** (90% da cualificación global):

- Faranse, como mínimo, 2 probas escritas por avaliación

- No caso de que un alumno/a sexa descuberto copiando nunha proba escrita ou exame, sexa parcial, global ou final, se lle retirará dita proba que será cualificada cun 0.
- No caso de que un alumno/a non se presente a unha proba ou exame durante as avaliaciós ordinarias sen causa xustificada será cualificado cun 0
- No caso de que un alumno/a solicite facer unha proba ou exame ao que non se presentou, o seu profesor/a poderá demandar xustificación debidamente documentada das causas da súa ausencia; analizada esa xustificación o profesor/a tomará a decisión de repetirlle ou non dita proba

- O/A docente resérvase o dereito a corrixir un exame ou traballo ilexible.

- As probas escritas deben estar identificadas co nome e apelidos. Non se corixen aquelas probas sin identificar; en caso de ser identificada con posterioridade, pode penalizarse o exame cun punto.

Para cualificar os **traballos, exercicios e caderno** (o 10% da nota da avaliación) teranse en

No caso de que un alumno/a falte a clase, aínda que sexa xustificadamente, debe preocu-parse de pescudar, preguntando aos seus compañeiros ou ao seu profesor/a, que traballos se fixeron e que materia foi dada para poñerse ao día

A non realización do traballo diario expresado no caderno/arquivador ou a non presentación de ditos caderno/arquivador para a súa avaliación impide superar a avaliación parcial correspondente aínda que as notas obtidas nas probas escritas sexan positivas. Cando o alumno/a presente dito caderno ou os traballados demandados farase a media coas notas obtidas nas probas escritas, recuperando a avaliación.

#### **- Nota da avaliación parcial**

Será a media ponderada das notas obtidas nos diferentes apartados avaliativos: exames e traballos [nota avaliación = (nota media exames x 0,9) + (nota media exercicios x 0,1)]

Nas avaliacións, as notas con centésimas iguais ou superiores a 0'75 serán redondeadas cara arriba. Por debaixo dessa cifra, quedarán co número enteiro inferior.

Por exemplo: 4'75 pasa a ser un 5; 4'70 é un 4.

Para acadar o aprobado é preciso ter un 5 na avaliación e, para aprobalo curso, conseguela mesma nota

#### **Recuperación de avaliacións suspensas:**

As avaliacións suspensas poderán recuperarse nun exame a final de curso. Cada estudiante recuperará a/s parte/s suspensa/s. A nota da recuperación será a nota desa avaliación (non se incluirá as notas dos traballos)

#### **CONTACTO CO PROFESORADO**

A través da mensaxería da Aula Virtual e do teléfono do centro